

Mallo

e a alfombra voadora

Do Museo Reina Sofía ao Museo Massó

Título: Cunchas e compás

Deseño: Rafael Oliveira

Confección: Asociación Cunchas e Flores de Bueu




O día 8 de outubro de 2025 inaugurouse no Museo Reina Sofía de Madrid a exposición *Maruja Mallo. Máscara e compás*. A mostra foi complementada cunha instalación de arte efémera ao ar libre, diante do acceso ao museo, realizada pola Asociación Cunchas e Flores de Bueu grazas ao apoio da Xunta de Galicia. A instalación consistiu nunha alfombra na que se reproducen fragmentos de obras de Maruja Mallo, confeccionada con cunchas enteiras e trituradas de diversos moluscos presentes nas rías e nas lonxas galegas, así coma doutros materiais orgánicos.



Alfombra no museo Reina Sofía de Madrid, 2025

A alfombra foi desmontada o día 28 de outubro e trasladada ao Museo Massó xa que a obra de Maruja Mallo está ligada a nosa vila a través do coñecido como *O caderno de Galicia*. Neste caderno, que quedou interrompido a causa do Golpe de estado que motivou o exilio da artista, Mallo tomou apuntes durante a súa breve estancia en Bueu nos primeiros días de xullo de 1936.

Nel se recollen toda unha serie de detalles da xente e da actividade pesqueira, executados en Beluso e Bueu, algúns dos cales foron empregados para compor as pinturas de temática mariñeira que forman parte da serie *A relixión do traballo* (1936-1939), concibida como unha homenaxe á muller traballadora.



Apuntes do *Caderno de Galicia*, Bueu, xullo de 1936

Nesta alfombra reproducense detalles das seguintes obras: *A Verbena* (1927), *A relixión do traballo* (1936-1937), dous das súas *Naturezas vivas* e *Estrelas de mar* (1956).



Pinturas da serie *A relixión do traballo*, 1936-1937

Maruja Mallo finalmente é recoñecida como unha das grandes artistas españolas do século XX



Maruja Mallo no seu estudio de Buenos Aires coa serie *A relixión do traballo*, 1939

Maruja Mallo (Ana María Gómez González, Viveiro, 1902- Madrid, 1995) foi unha das grandes artistas do século XX español e integrante da xeración do 27, da que formaron parte Alberti, Dalí, García Lorca, María Zambrano ou Rosa Chacel, entre outras. A obra de Mallo foi innovadora en moitos aspectos, pero tamén pola proxección e defensa, tanto na súa obra como na súa vida, dun concepto da muller independente, libre e profesional.

Forma parte do grupo que en 2013 recibiu o nome *Las Sinsombrero* no que se integra a unha serie de mulleres artistas españolas nadas entre 1898 e 1914. O nome responde o xesto “indecoroso para as mulleres” de quitarse o chapeu en público que protagonizaron a propia Maruja Mallo e Margarita Manso na Porta do Sol. "Nos apedrexaron chamándonos de todo", relata a mesma Mallo.

Madrid foi a cidade na que se formaron e desenvolveron a súa actividade artística ata que o Golpe de estado de 1936 puxo fin a toda normalidade. Abertas a novos conceptos de modernidade e ás correntes de vangarda que proviñan de Europa, recuperaron tamén a tradición popular.

A súa actitude rompedora, aberta e comprometida coa realidade social contribuíu a transformar o panorama cultural e artístico dunha España convulsa. Con todo, a diferenza dos seus compañeiros de xeración, elas, pola súa condición de muller, caeron no esquecemento.

Coa exposición do Museo Reina Sofía, por fin se recoñece a Maruja Mallo como unha das artistas máis destacadas na pintura do século XX español, e con esta alfombra, Bueu quiere participar nese recoñecemento.

tttallo